

"Informe sobre o proxecto básico modificado da Terminal de autobuses integrada na área intermodal da Coruña.

"Con data do 16 de outubro de 2023 a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dá traslado á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da documentación relativa á "PROXECTO BÁSICO MODIFICADO DA TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ÁREA INTERMODAL DA CORUÑA", tramitada ao abeiro da *Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese*, aos efectos de emitir os informes urbanísticos e, no seu caso ambientais, solicitados pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de conformidade co artigo único apartado 5 da devandita Lei 3/2016, do 1 de marzo.

De conformidade co disposto no punto 5 do artigo único da citada lei e, aos efectos de continuar a tramitación do procedemento do expediente referido, corresponde elevar o "PROXECTO BÁSICO MODIFICADO DA TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ÁREA INTERMODAL DA CORUÑA" para informe do Pleno da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que se pronunciará sobre os aspectos urbanísticos do proxecto, tendo en conta as seguintes consideracións:

PRIMEIRA.- En data do 3 de febreiro de 2021 a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia acordou informar favorablemente o "PROXECTO BÁSICO DA TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ÁREA INTERMODAL DA CORUÑA - SAN CRISTÓBAL", tramitado ao abeiro da *Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese*, sendo aprobado polo Consello da Xunta o 11.02.2021.

O 22 de febreiro de 2022 asinouose o Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF), para a execución da terminal de autobuses, o aparcadoiro de turismos e os elementos comúns da remodelación da estación ferroviaria na súa integración nunha área intermodal do transporte de viaxeiros na Coruña- San Cristobal.

Reunida a Comisión de Seguimento do citado convenio en data 29 de marzo de 2023, as tres administracións participantes acordaron realizar unha modificación do proxecto aprobado e a tramitación dunha addenda ao convenio.

SEGUNDA.- En data 14 de xullo de 2023, a Dirección Xeral de Mobilidade emitiu informe xustificativo do excepcional interese público autonómico do proxecto.

TERCEIRA.- O 20 de xullo de 2023, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade acordou o inicio do procedemento para a aprobación da modificación do Proxecto Terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña, como proxecto público de urxencia ou excepcional interese, segundo o previsto na *Lei 3/2016, do 1 de marzo* e deu traslado do citado proxecto ao Concello da Coruña para os efectos previstos na referida lei.



CUARTA.- O Concello da Coruña someteu o proxecto a información pública durante o prazo de vinte días mediante anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* (BOP) núm. 153, do 11 de agosto de 2023, e nun dos xornais de maior difusión nela ("*La Voz de Galicia*", 10 de agosto de 2023).

QUINTA.- Constan no expediente os seguintes informes municipais:

-Informe do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo do 25 de setembro de 2023 de valoración do resultado da información pública, no que se manifesta que unicamente se presentou unha alegación dun particular que foi desestimada e se motivan as razóns da desestimación.


-Informes dos Servizos de Planeamento e Xestión do Solo, Mobilidade e Infraestruturas sobre a ponderación dos intereses locais afectados.

Tales informes, de acordo co oficio do concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana do 11 de outubro de 2023, teñen carácter favorable á tramitación da modificación do proxecto.

SEXTA.- Con data do 16 de outubro de 2023, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade remitiu o expediente á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo para os efectos de solicitar con carácter de urxencia aqueles informes que sexan preceptivos conforme a lexislación sectorial aplicable e, unha vez recadados, eleve o proxecto para informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

SÉTIMA.- DESCRIPCIÓN DAS OBRAS.


O Proxecto da Terminal de autobuses integrada na área intermodal de A Coruña – San Cristóbal foi aprobado o 11.02.2021 polo Consello de la Xunta como proxecto público de urxencia ou excepcional interese. Unha vez iniciadas as obras, detectouse a necesidade de ampliar o aparcamento para turismos e compatibilizar a conexión dunha pasarela do concello co novo acceso ás dársenas de autobuses.




Desta forma, é preciso realizar a seguintes modificacións do proxecto xa aprobado:

Traslado das dársenas de regulación ao mesmo nivel que as dársenas de viaxeiros, para o que se precisa ampliar a lousa de forxado do nivel +38,00 e a remodelación dos accesos rodados.

Execución dunha semiglorieta anexa á glorieta proxectada por el concello de A Coruña en A Sardiñeira, para acceder á rampla que conduce ás dársenas de autobuses, e permitindo a conexión coa pasarela sen interferir sensiblemente nos movementos da terminal e da avenida.



Planta do proxecto vixente



Planta do proxecto modificado

OITAVA.- DESCONFORMIDADE CO PLANEAMENTO

A modificación do Proxecto da Terminal de autobuses integrada na área intermodal de A Coruña atópase no ámbito da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no polígono O30.1 e no PE O29 da Coruña, que ten como finalidade fixar as determinacións de planeamento que permitan a execución e desenvolvemento dunha nova área de intermodalidade en A Coruña-San



Cristóbal de acordo co "Convenio Marco entre el Ministerio de Transportes , Movilidad y Agenda urbana, la Xunta de Galicia, el Ayuntamiento de A Coruña y la Entidad Publica Empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias (ADIF)".

No inicio da tramitación do procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, as modificacións propostas no proxecto da terminal de autobuses eran desconformes co planeamento vixente, xa que a modificación puntual se atopaba en tramitación.

Na actualidade, a dita modificación puntual do PXOM de Coruña acadou a súa vixencia, se ben continúa habendo desconformidade co planeamento vixente, xa que parte da remodelación de accesos precisos para ampliar o aparcamento para turismos, se atopa incluída no ámbito do Plan Especial da estación San Cristobal (PE 029), que deberá ser desenvolto para poder executar as ditas obras.



Ámbito de delimitación do Plan Especial da estación San Cristobal

NOVENA.- Con data do 25 de outubro de 2023 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo **solicitou** os informes sectoriais preceptivos.

Concretamente foron solicitados e recibidos os seguintes informes:

1. **Informes do xefe do Servizo de Prevención e Control Integrados da Contaminación** (Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático) de data 22 de novembro de 2023 e 21 de decembro de 2023.



2. **Informe da directora xeral de Patrimonio Cultural** de data 15 de novembro de 2023.
3. **Informe do director do Instituto de Estudos do Territorio** de data 22 de novembro de 2023.
4. **Informe do coordinador de Área de Administraciones Públicas de la Subdirección General de Redes y Operadores de Telecomunicación** de data 2 de novembro de 2023.
5. **Informe do subdirector xeral de Planificación Ferroviaria** de data 9 de xaneiro de 2024.
6. **Informe da directora da Área de Fomento da Subdelegación do Goberno** na Coruña de data 1 de decembro de 2023.
7. **Informe do xefe de sección de Avaliación de Riscos co Vº Bº do Subdirector Xeral de Planificación e Protección Civil** (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior) de data 27 de outubro de 2023.
8. **Informe da xefa da Área de Control e Seguimento do Dominio Público Hidráulico de Augas de Galicia** de data 12 de decembro de 2023.
9. **Informe do enxeñeiro xefe da Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia** de data 21 de decembro de 2023 (servidumes acústicas).
10. **Informe do xerente da Área de Patrimonio e Urbanismo Noroeste Asturias Galicia de ADIF** de data 27 de novembro de 2023.

Todos os informes relacionados están emitidos **en sentido favorable**.

Consta no expediente o informe de data 22 de novembro de 2023 sobre a tramitación do procedemento de avaliación de impacto ambiental, emitido polo Servizo de Avaliación Ambiental no que se expón que con data 08 de xaneiro de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* núm. 4 o Anuncio do 17 de decembro de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de terminal de autobuses integrada na estación intermodal da Coruña-San Cristóbal, no Concello da Coruña. No devandito informe concluíase que non eran previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente, e polo tanto non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

No informe agora emitido conclúese que á vista da documentación achegada e das novas adaptacións no proxecto, que se desenvolven no mesmo ámbito de actuación avaliado anteriormente, tendo como resultado o informe de impacto ambiental de decembro de 2020, o devandito informe de impacto ambiental mantén a súa vixencia.

De conformidade co artigo único. 6 da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, *"o acordo do Consello da Xunta de aprobación do proxecto será inmediatamente executivo e habilitará ó órgano promotor para o inicio das obras correspondentes"*.

En consecuencia, procede a tramitación do proxecto ao abeiro do procedemento previsto na Lei 3/2016, do 1 de marzo, por canto se trata dun proxecto promovido por un órgano da Administración Pública que resulta desconforme co planeamento urbanístico aplicable, e por apreciar a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que concorre o suposto de urxencia para a Comunidade Autónoma, por estar vinculado a materias da súa competencia."

